

INFÓRMA te

INFANTIL

maio 2023

**REUNIÓN DA MESA NEGOCIADORA DO CONVENIO
XOVES 18 DE MAIO DE 2023**



O poder de cambiar as cousas



Abórdanse dous temas de especial importancia: xornada e incapacidade temporal.

Xornada

Estas son as reivindicacións máis relevantes de CCOO:

- Redución da xornada semanal e anual
 - Mestre/a 32 horas / 1376 horas
 - Educadora 35 horas / 1620 horas
 - Resto do persoal 37 horas / 1620 horas
- Reserva do 15% da xornada de mestras, educadoras e persoal do Grupo II para a realización de tarefas de carácter non lectivo.

As organizacións patronais renuncian á súa proposta de incrementar a xornada das mestras pero, de momento, manteñen a idea de suprimir a referencia semanal da xornada de traballo. Tampouco asumen a redución proposta por CCOO nin a diferenciación entre a xornada lectiva e a non lectiva.

Incapacidade temporal

Ante as continuas referencias patronais ao número desmesurado de baixas de poucos días que e producen no sector, desde CCOO manifestamos que:

- As baixas non as collen elas por gusto (expresión habitual das patronais), senón que as dá un médico/a cando, por motivos de saúde, a traballadora se atopa incapacitada para asistir ao seu posto de traballo.
- Os argumentos patronais non son en absoluto contrastables. Por iso, para abordar a cuestión de maneira obxectiva, propuxemos unha comisión de estudo, no ámbito do convenio colectivo, que traballe sobre posibles liñas de actuación que melloren a saúde das traballadoras, analizando a incapacidade temporal no sector mediante o estudo das causas, a incidencia e a duración dos procesos.

As organizacións patronais responderon ás nosas propostas nesta materia formulando unha nova redacción do actual artigo de IT:

- Limitan o número de baixas anuais complementadas ao 100%, no caso das continxencias comúns.
- Complementan ao 100%, durante seis meses, as situacións de accidente laboral e enfermidade profesional. Neste punto específico, aceptan parcialmente a proposta de CCOO, xa que quedarían pendentes as situacións de hospitalización e enfermidade grave.





O cambio de actitude mostrado polas organizacións patronais na reunión de hoxe debe servir para continuar propoñendo reformas estruturais de grande alcance no convenio colectivo que permitan mellorar de maneira substancial as condicións laborais das traballadoras do sector. A pesar de que as diferenzas son moi importantes, desde CCOO apostamos pola negociación colectiva como ferramenta para resolvelas. Entendemos que non existe bloqueo da Mesa Negociadora, máis cando temos dúas novas reunións fixadas para as próximas semanas nas que esperamos seguir avanzando: 29 de maio e 12 de xuño.

Desde o sindicato queremos poñer en valor, unha vez máis, o papel que desempeñaron as nosas afiliadas, as nosas delegadas e o conxunto das traballadoras do sector nas mobilizacións que iniciamos contra o asinamento do anterior convenio colectivo. CCOO sempre estivo na defensa dos intereses de quen representamos, tanto na negociación colectiva como na mobilización ou na xudicialización. Son os feitos, non as palabras nin o postureo, o que nos define e nos diferencia doutras organizacións sindicais. A memoria non engana. Por iso somos o sindicato máis representativo.

CCOO iniciará accións máis contundentes no momento en que se intente bloquear ou distorcer a negociación; ademais, alentaremos o resto de organizacións sindicais a que se sumen a elas. A diferenza de siglas non é escusa para non actuar conxuntamente cando se trata de defender unha causa xusta.



**Sindicalismo
CCOOmprometido
na defensa e mellora
dos dereitos
dos traballadores
e traballadoras**

Santiago de Compostela
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1.º
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla, 58 - 4.º
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería, 1 - 2.º
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María, 42-44, 3.º
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro, 12 - 3.º
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras, 11 Entrechán
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco
Praza do Concello, 2 - 1.º
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es




ensino



Afiliate! É esencial.

www.ccooensino.gal